



Reunido o Xurado da **XXXIV MOSTRA DE TEATRO ESCOLAR 2024-2025** composto por:

- ANA JUDEL PRIETO, Técnica de Educación do Concello da Coruña, foi docente de grupos de teatro escolar, directora de Fórum Metropolitano e programadora de teatro infantil e xuvenil (como presidenta do xurado).
- RAMIRO NEIRA CORTÉS, actor e narrador de tradición oral, director e produtor de diversos proxectos teatrais en Galicia, docente de grupos de teatro escolar e amator.
- XOSE LEIS MARTÍNEZ, graduado en Pedagogía Teatral e Máster en Estudos Teatrais e Audiovisuais da UDC, actor de teatro e audiovisual, director e programador de festivais teatrais, docente de grupos de teatro escolar.
- JESSICA MACEIRAS GESTAL, técnica de Apoio Social do SME do Concello da Coruña, que actúa coma secretaria (con voz e sen voto).

Na XXVI Mostra de Teatro Escolar 2024-2025 inscribíronse 26 grupos (2 de E. Infantil, 18 de E. Primaria e 6 de E. Secundaria) de 17 centros educativos do concello da Coruña.

No transcurso do Mostra, déronse de baixa 3 grupos (1 de EP e 2 de ES). Polo que, en total, participaron 23 grupos de 15 centros, con 352 alumnos/as de EI, EP, ESO e bacharelato e 59 profesores/as, monitores e acompañantes.

Rematado o prazo de exhibición en intercambio, do 7 de abril ao 15 de maio, entre 15 centros participantes das seguintes 23 obras presentadas:

<i>Centro</i>	<i>Grupo</i>	<i>Nivel</i>	<i>Espectáculo</i>
CPR Obradoiro	Colegio Obradoiro Infantil	Infantil	How I became a pirate
EIM Luis Seoane	Teatreiros Luis Seoane	Infantil	Hércules
CEIP Cidade Vella	Grupo de teatro Cidade Vella	Primaria	Hombres lobo
CEIP Concepción Arenal	O Trisquel	Primaria	Daniela Pirata
CEIP Rosalía de Castro	1.2,3 Primaria	Primaria	El concierto de Riley
CEIP Rosalía de Castro	Comediantes	Primaria	Asasinato no edificio
CEIP Sal Lence	As Estrelas do Teatro	Primaria	Felipe tiene gripe.
CEIP San Francisco Xabier	Los Lunáticos	Primaria	O anaquiño perdido da lúa.
CEIP Víctor López Seoane	English	Primaria	The Hotel for Bugs
CEIP Víctor López Seoane	English II	Primaria	The Wolf Who Visited the Land
CEIP Víctor López Seoane	Lingua de lata	Primaria	Lingua de lata
CPR Esclavas del Sagrado Corazón	Esclavas 5ºA	Primaria	A consulta da Dra.Remedios
CPR Esclavas del Sagrado Corazón	Esclavas 5ºB	Primaria	A consulta da Dra. Remedios
CPR Fogar Santa Margarida	Fogar Santa Margarida	Primaria	Fuga en el Insti
CPR Obradoiro	Colegio Obradoiro	Primaria	The true story of de Big Bad Wolf
CPR Obradoiro	Colegio Obradoiro 6ºEP	Primaria	Make a wish!
CPR Salesianos San Juan Bosco	Escola de Teatro Salesianos A	Primaria	Viláns en apuros
CPR Salesianos San Juan Bosco	Escola de Teatro Salesianos AA	Primaria	Historias de hotel
CPR Santo Domingo	Santo Domingo Cadete	Primaria	RevoltaMente
CPR Internacional Eirís	Argonautas	Secundaria	El expreso de medianoche
CPR Santo Domingo	Santo Domingo Secundaria	Secundaria	Ciclón
IES Agra do Orzán	Agor Teatro	Secundaria	Ulises
IES Ramón Otero Pedrayo	As rapazas do Otero	Secundaria	Picnic

Tras a visualización dos espectáculos ou das gravacións das ditas obras e de acordo coas puntuacións emitidas polo Xurado, en base aos criterios de valoración reflexados nas bases do presente programa (dramatización e coordinación do grupo, corrección e fluidez lingüística, orixinalidade ou adaptación do texto; orixinalidade do vestiario e maquillaxe; e orixinalidade da escenografía e a iluminación), **resolve outorgar os PREMIOS DE CADA CATEGORÍA as seguintes obras:**

CATEGORÍA	OBRA	CENTRO EDUCATIVO
EDUCACIÓN INFANTIL	How I became a pirate	CPR Obradoiro
	Hércules	EIM Luis Seoane
EDUCACIÓN PRIMARIA	Felipe tiene gripe	CEIP Sal Lence
EDUCACIÓN SECUNDARIA	Ulises	IES Agra do Orzán

Para cada unha das categorías deste concurso estableceuse como premio un cheque por valor de 100€ para cada un dos grupos gañadores. Coma na categoría Infantil outorgase o premio “ex aequo” a dous grupos participantes, o premio será de un cheque de 50€ para cada grupo gañador.

Ademais, o xurado resolve outorgar as seguintes **MENCIONS ESPECIAIS** (sen dotación económica) as seguintes obras:

MENCIONS	OBRA	CENTRO EDUCATIVO
MELLOR CREACIÓN ESCÉNICA EN INGLÉS	The hotel for bugs	CEIP Víctor López Seoane
MELLOR VESTIARIO	Lingua de lata	CEIP Víctor López Seoane
MELLOR TEXTO ORIXINAL DE CREACIÓN COLECTIVA	Fuga en el insti	CPR Fogar Santa Margarida
MELLOR INTERPRETACIÓN MUSICAL	Ciclón	CPR Santo Domingo
MELLOR ESPACIO ESCÉNICO	Revoltamente	CPR Santo Domingo

Os membros do xurado destacan a alta participación nesta edición XXXIV da Mostra de Teatro Escolar, con gran variedade de grupos (mais ou menos numerosos, de idades diversas, de actividade escolar ou extraescolar), idiomas (galego, castelán e inglés), de propostas de textos (de creación propia ou adaptacións de contos ou obras de teatro), a orixinalidade de vestiarios e escenografías,... que fixo moi difícil decidir os premios e mencions especiais outorgadas.

Parabéns aos grupos gañadores e a todos os grupos participantes, especialmente aos seus monitores e monitoras polo seu esforzo e ilusión!

Agradecemos a todos os grupos e centros a súa participación e animámoslos a que participen o próximo curso na vindeira edición da Mostra de Teatro Escolar.

A Coruña, a 29 de abril de 2025

ANA JUDEL PRIETO
(presidenta)

Firmado por Ana Mª Judel Prieto

RAMIRO NEIRA CORTÉS

XOSE LEIS MARTÍNEZ

Asinado por XOSÉ LEIS
MARTINEZ o día
29/05/2025 cun
certificado emitido
por FNMT

JESSICA MACEIRAS GESTAL
(secretaria)